

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/ NAIS/ REPRESENTANTES LEGAIS NO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai/representante legal**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Un representante continúa como consecuencia da elección anterior e outro é proposto pola ANPA.
2. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai ou, se é o caso, aos representantes legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo correspondente que, a partir do día 30 de outubro de 2024 está dispoñible na administración do centro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar do 30 de outubro ao 6 de novembro de 2024 ás 14:00 horas, mediante formulario normalizado dispoñible na administración e na páxina web do centro. Dito formulario poderá entregarse de forma presencial ou mediante envío ao correo electrónico do centro: [ies.adormideras@edu.xunta.gal](mailto:ies.adormideras@edu.xunta.gal)
4. A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais/ titores legais designados/as por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario/a o/a de menor idade. O citado sorteo realizarase en acto





- público o día 7 de novembro ás 11:20 horas. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 8 ao 15 de novembro de 2024, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro.
  6. **As votacións realizaranse o día 18 de novembro, de 16:30 a 19:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:25 horas.**
  7. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **dun** nome da lista de candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade, mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento acreditativo. O voto será directo, secreto e non delegable (non por correo).
  8. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais/titores legais do alumnado matriculado no centro, propostos polo ANPA ou avalados para iso pola sinatura de dez electores.
  9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.
  10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, a 30 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral  
Jose Manuel Tallos Caldeiro

